



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 13 de outubro de 2016, á vista das solicitudes de avaliación achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, Hospital Universitario Lucus Augusti e Complexo Hospitalario Universitario de Vigo **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

RITUXIMAB SUBCUTÁNEO

no tratamento de pacientes adultos con Linfoma no-Hodgkin:

- En 1ª liña de tratamento de pacientes con linfoma folicular estadio III-IV, en combinación con quimioterapia .
- No tratamento de mantemento de pacientes con linfoma folicular (LF) que responderan previamente ao tratamento de inducción.
- No tratamento de pacientes con linfoma no-Hodgkin difuso de células B grandes CD20 positivas en combinación con quimioterapia CHOP (ciclofosfamida, doxorubicina, vincristina, prednisolona) ou as súas variantes.

Outras consideracións:

1. A súa utilización enmarcarse según as indicacións actualmente autorizadas e ás especificacións da súa ficha técnica.
2. Nas situacións clínicas nas que o Rituximab se utilice en combinación con quimioterapia intravenosa, *valorarase individualmente o uso do Rituximab SC fronte ao Rituximab IV.*
3. Esta resolución estará suxeita a nova valoración cando sexan aprobados os medicamentos biosimilares do Rituximab IV.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2016

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Jorge Abualviñas

**COMISIÓNS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**